

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE MARZO DE 2021

Ás 10:05 horas do día 15 de marzo de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 10 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, suplente

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. José Ángel Hermida Fernández, xefe do Servizo de Comercio (asiste aos puntos 5 e 6)
D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste aos puntos 9 e 10)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (7.516-106)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo de Comercio o 9 de marzo de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliada mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (7.516-106)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 03:44	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAD4F-58D239-B73A35-MMGLG8-W19DTY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitorador	Desconto único prezos unitarios	Horas anuais laborais diúrnas sen custo para o Concello	Horas anuais festivas diúrnas, sen custo para o Concello
1	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.	10%	50	50
2	MENKEPEER NORTE, S.L.	6%	10	10

Os dos licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á sesión.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros e 5 sarxentos por promoción interna do Concello de Vigo (6.307-213)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios o 10 de marzo de 2021 de valoración da "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptada por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros e 5 sarxentos por promoción interna do Concello de Vigo (6.307-213)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros e 5 sarxentos por promoción interna do Concello de Vigo (6.307-213) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 03:44	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAD4F-58D239-B73A35-MMGLG8-W19DTY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Puntuación
1	SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A. (A-36.715.217), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia:

1. Acreditación da habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP: *"Os licitadores deberán estar homologados por el Servicio de Empleo estatal (SEPE), ou organismo correspondente da CCAA para impartir a formación regulada no RD 624/2013, de 2 de agosto para a Familia profesional de Seguridade e Medio Ambiente, dentro da Área Seguridade e Prevención SEAD0111 "Extinción de Incendios y Salvamento"*
2. A documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP:
 - Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
 - Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
 - Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
 - Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 03:44	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAD4F-58D239-B73A35-MMGLG8-W19DTY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		